




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Occidental. Municipio: Xove. Parroquias: San Clemente de Morás ao este e San Tirso de Portocelo ao oeste. Extensión: 3,06Km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Son unidades moi tridimensionais pola proximidade das elevacións costeiras ao mar. Non hai chaira litoral e desenvólvese unha liña de potentes cantís graníticos, só interrompidos polas fracturas que indentan a costa. Constitúe un bloque basculado cara ao interior, explicando así a altura dos cantís e a estreiteza da unidade costeira. Posúe unha illa de notables dimensións, Ansarón, moi próxima á costa e tamén de potentes cantís.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade entra no dominio hercínico, cun granito de dúas micas. Sobre o mesmo destacan dúas bandas case meridiana de cuarcitas micáceas de idade cámbrica, da formación Cándana-tramo inferior, na Aldea de Arriba -O Barreiro e o Couto da Vela. Tamén aparece un pequeno enclave de gneis e xistos migmáticos de idade precámbrica na Aldea de Abaixo e tras a Enseada de Sucastro. Unha falla oeste-suroeste a este-sueste percorre a unidade explicando o basculamento e, por iso, a potencia dos cantís e o descenso continental pronunciado cara a Morás, o perfil da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado incluído no dominio climático Cálido e Seco: as precipitacións anuais oscilan entre 800mm e 1000mm mentres que a temperatura media anual supera os 14°C. Os valores medios de amplitude térmica sitúanse entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Os sectores de maior pendente, sobre todo en tramos cantís e arredores do Castro de Morás, presentan solos novos tipo umbrisol dístico. No resto da unidade os solos están máis desenvolvidos, dominando os cambisols dísticos.

AS AUGAS

Tramo acantilado sen rede fluvial salientable que verte maiormente sobre a masa de Augas Costeiras 20114. Unha pequena parte da unidade mira cara ao este, o sector Portiño de Morás a Punta Galiño-Praia das Cruces incluíndose esta última na masa de Augas Costeiras 20113.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Os cantís continentais -agás o sector da Punta de Morás-, a illa de Ansarón e os illotes Farallóns, A Sombriza e A Baixa, están protexidos polo LIC Costa da Mariña Occidental. Destacan os hábitats 1230 de cantís atlánticos e 1210 de vexetación anual sobre desfeitos mariños acumulados -nalgunhas coídos de certo tamaño-. Na cima dos cantís, incluíndo a illa de Ansarón, consérvanse masas de mato costeiro en estado aceptable (4040). As agras de Morás, en Aldea de Abaixo, Aldea de Arriba e o suco que acaba no Praia das Cruces, presentan algúns importantes bosquetes de frondosas autóctonas de recolonización ademais dalgún bosque de ribeira (91E0).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade de grandes cantís caracterízase polo predominio do espazo libre de edificacións. Os sectores máis próximos ao cantil están ocupados por formacións vexetais costeiras que van dando paso ao arboredo de repoboación nas zonas de maior inclinación da unidade, en cuxos bordos existen dispersos bosquetes de repoboación de frondosas autóctonas. A suave depresión que conforma a conca do arroio Morás, está ocupada polo parcelario dedicado ao cultivo aproveitado polos asentamentos tradicionais, mentres que no tramo próximo á desembocadura existen manchas de vexetación de ribeira.

MORFOLOXÍA

A unidade caracterízase pola conservación do modelo tradicional en consonancia coas características dos asentamentos que ocupan o territorio da unidade. A rede de asentamentos, pouco densa, presenta unha estrutura lineal que parte do porto de Morás, onde se localizan O Portiño e As Cruces, para introducirse cara ao oeste onde se atopan sucesivamente O Vilar, A Pana e O Carballo, aos pés do Monte Piniche, ao sur da unidade, e Aldea de Abaixo, Morás, Aldea de Arriba e Barreiro rodeados da agra que cultivan. Todos eles configúranse como pequenas agrupacións de orixe tradicional conectadas entre si.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de estradas, nesta unidade, está composta por viarias de baixa densidade, secundarias, e que responden ao trazado dos antigos camiños entre asentamentos. A rede viaria caracterízase por unha disposición preferentemente lonxitudinal, de leste a oeste, a partir da estrada LU-2602 que chega ao porto de Morás, e a LU-2601, que a partir daquela, conecta os asentamentos tradicionais anteriormente indicados. No extremo leste desta unidade, localízase o pequeno porto pesqueiro e deportivo de Morás, ao abrigo do espigón construído para a protección do porto do complexo Alúmina-aluminio (Alcoa).

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacan o xacemento arqueolóxico catalogado do Castro de Vela ou Castro de Moras no Pico de Vela, ao oeste da unidade e os seguintes elementos de interese cultural: Cruz de Fondón en Aldea de Arriba, Casa Rosa en Aldea de Abaixo, Igrexa parroquial de San Clemente e Casa reitoral en Morás. Ademais é especialmente singular a existencia dunha factoría baleeira, hoxe abandonada, no porto de Morás.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase pola supervivencia consolidada do modelo de organización tradicional. A situación xeográfica desta unidade -á marxe dos principais centros poboacionais e eixos de comunicación da Mariña, asentada sobre un relevo de tipo gran cantil que dificulta a existencia de focos de atracción turística, e a proximidade dunha grande instalación industrial- é a principal razón pola que a unidade presenta escasas alteracións. Os pequenos asentamentos existentes comparten, un espazo de cultivo común polo que discorre a rede viaria que reproduce a rede de camiños preexistente sen apenas modificacións.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

É posible afirmar que se trata dunha unidade de paisaxe de elevado interese pois nela converxen un bo número de valores de distinta condición. Os valores naturais poden describirse a partir da singularidade que confire o relevo de tipo "gran cantil convexo" ao conxunto da unidade, xa que esta característica resulta básica para o recoñecemento legal do patrimonio natural da costa norte e Illa Anzarón como LIC, ZEPA e ZEPVN. Ademais presenta un mosaico de usos do solo onde se combina o espazo de cultivo tradicional cunha cuberta vexetal diversa que inclúe presenza de vexetación de ribeira no tramo previo á desembocadura do arroio de Morás na praia natural do mesmo nome. Doutra banda, a unidade presenta valores arqueolóxicos, relixiosos, civís e etnográficos dispostos sobre unha rede de asentamentos baseada nun modelo de organización tradicional. Esta unidade pode ser contemplada tanto desde algún sector próximo á costa debido á inclinación cara a terra dentro do bloque acantilado, ou ben desde algún dos montes do seu interior como o Pico da Vela ou O Castro de Morás ao oeste da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -20 m
-  -100 m
-  -500 m
-  -2000 m
-  -10 m
-  -50 m
-  -200 m
-  -1000 m
-  -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



